

## PROGRAMAS E PROXECTOS DE MELLORA E INNOVACIÓN EDUCATIVA

O IES As Lagoas no seu propósito de ofrecer ao alumando unha educación que atenda plenamente á diversidade, tanto nos contidos, metodoloxías e recursos como na diversidade do alumando, e acadar así unha educación común e de calidade para todos os alumnos e alumnas do centro, solicita e desenvolve unha serie de programas e proxectos de innovación educativa que xa é tradicional na súa historia recente.

O centro presenta, en termos xerais, unha boa consideración exterior: nivel alto de esixencia instrutiva, boas cualificacións académicas polo alumnado nas referencias externas, frecuencia de alumnos nosos que chegan á excelencia, satisfactorio clima de convivencia, recoñecemento das calidades de moitos profesionais, atención á comunicación coas familias, etc. É a calidade dos alumnos xunto coa dedicación profesional o que determina ese nivel instrutivo do que estamos orgullosos.

Non obstante, esas percepcións tenden a ocultar a nosa dedicación aos alumnos máis necesitados de atención que é tamén prioritaria no noso proxecto educativo, como o demostran as numerosas iniciativas para a mellora na adquisición das competencias clave (medidas organizativas, programas de mellora, asignacións específicas, etc.).

A participación en estes proxectos pretende atender todas as necesidades que ten o alumnado o IES As Lagoas.

Consideramos este tipo de proxectos interesantes para o alumnado como elemento motivador na súa formación académica; proxectos que complementen o nivel académico e que atendan tamén as esixencias das novas e vertixinosas sociedades desde a diversidade, a igualdade e o compromiso social e ético para lograr cidadáns responsables e maduros, con espírito crítico e emprendedor e comprometidos coas sociedades xustas e democráticas.

Os criterios para solicitar estas participacións e que contribúan de maneira eficaz a acadar os obxectivos do Proxecto Educativo do centro son:

1. Os diversos niveis, intereses, ritmos de aprendizaxe e capacidades dos estudantes, de tal maneira que atendan a todo o alumnado do centro.
2. Variada oferta en plantexamentos e temáticas, incidindo especialmente na educación dixital, na convivencia e a inclusión, no STEM, no estudo e práctica das linguas estranxeiras e a vida sostible e saudable.
3. Contribución activa e eficaz para a consecución das competencias clave.
4. Os compromisos que o centro adquire con este tipo de plans e proxectos e as disponibilidades horarias do profesorado.
5. A colaboración activa da comunidade.

Os plans e proxectos do centro que se desenvolverán este curso son:

### **1.1. PLAN DIXITAL**

O curso pasado, un equipo de dinamización dixital, coordinado polo profesor José Manuel Gargallo, e guiado polos asesores da Xunta, elaborou o Plan Dixital do centro.

O obxectivo principal do Plan é fomentar o uso e coñecemento das ferramentas dixitais en todos os ámbitos da vida escolar, así como formar á comunidade en estas ferramentas e atopar estratexias dixitais atractivas e eficaces nos procesos de ensino.

Un dos obxectivos fundamentais deste curso é aplicación real deste Plan e a consecución dos seus obxectivos nun traballo de compromiso e colaboración de todos os axentes do centro.

### **1.2. PROA +. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A atención á diversidade é un principio fundamental que debe primar en todo o ensino básico coa finalidade de asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos ante a educación e evitar, na medida do posible, o fracaso escolar e o consecuente risco de abandono do sistema educativo.

A LOMLOE subliña, entre as súas liñas prioritarias, a importancia da atención á diversidade como fonte de inclusión e equidade.

As medidas, ordinarias e extraordinarias, que o centro ten previstas, como é tradicional no centro, están baseadas nos principios de normalización, equidade, igualdade de oportunidades e de non discriminación. Buscan facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno e alumna e optimizar o seu potencial de aprendizaxe tendo presente as distintas características e necesidades de todo o alumando.

Neste ámbito, xunto con outras medidas de atención á diversidade ( elaboración e desdobramentos de grupos, optatividades, sección bilingües, reforzos, apoios, etc), desenvólvese o programa PROA +.

Neste programa incorpóranse aquelas medidas que incidan na mellora das seguintes competencias clave: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT) e Comunicación lingüística (CCL) das linguas curriculares impartidas no centro, tradicionais no centro.

Esta ano só se nos permite pedir un ámbito, polo que decidimos que fora o ámbito científico-matemático.

Estas medidas de reforzo serán impartidas por profesores asignados ao centro e impartirase en horario de tarde.



### 1.3. CONTRATO-PROGRAMA INCLÚE

O centro no seu proxecto educativo aposta por un estilo pedagóxico comprometido coa boa convivencia, coa responsabilidade, tolerancia e respecto e pretende transmitir os valores das sociedades libres, democráticas, solidarias e igualitarias e susténtalos con firmeza, diálogo e consenso. Os principios educativos sostidos na equidade, na igualdade e na inclusión fan do sistema educativo un elemento compensador das desigualdades que temos que fomentar e aplicar. En consonancia coas leis vixente e cos ODS o centro comprométese a desenvolver medidas que melloren estes principios.

Aínda que o feminismo e a concienciación sobre identidade de xénero avanza, entre os rapaces e rapazas destas idades seguen mostrándose actitudes rexeitables, como machismos, relacións de control e dependencia, intolerancia afectivo-sexual, invisibilidade, etc. que poden desembocar en distintos tipos de violencia de xénero. É necesario tamén normalizar as distintas opcións sexuais das persoas que forman a comunidade.

Esta ameaza fai que os centros educativos, garantes da equidade, a igualdade e a inclusión, e elementos compensadores das desigualdades, podan e deban ser, unha vez máis, centros impulsores e vixiantes dos principios de respecto, aceptación do outro, superación dos prexuízos e igualdade, así como reparadores dos esquecementos da historia.

Por outra banda, a educación emocional esixe cada vez máis atención na contorna educativa. A complexidade do mundo actual, sobre todo coa irrupción das novas tecnoloxías e Internet, precisa que a nova escola potencie a capacidade social, intelectual, moral e ética dos rapaces e rapazas. A educación emocional comprende as estratexias para desenvolver as competencias emocionais e as habilidades sociais, necesarias para a formación integral das persoas e permite mellorar a convivencia e previr riscos como o bullying, o acoso, o sexting, o grooming, a desigualdade entre xéneros, etc. Ademais as circunstancias sociosanitarias, das que aínda quedan restos, foron un elemento desestabilizador no estado emocional da comunidade educativa que temos a obriga de vixiar e mellorar.

O centros deben empregar metodoloxías baseadas na educación emocional, a atención as intelixencias múltiples e o respecto á individualidade de cada alumno, onde as habilidades sociais teñan o seu espazo.

Son moitos os beneficios que se obteñen de ensinar o control das emocións e sentimentos desde o ámbito escolar: fomento da igualdade, mellora da conduta, desenvolvemento de competencias e o aumento do seu sentido de la responsabilidade.

O centro pretende, a través dunha serie de actividades e formación ao profesorado e as familias, que a educación emocional se incorpore como un eixe transversal.

As liñas solicitadas e concedidas son:

- IGUÁLA-T.
- CONVIVE-T.
- INCLÚE-T
- EMOCIÓN-A-T

#### 1.4. CONTRATO-PROGRAMA INNOVA

O compromiso do centro coa calidade educativa é unha sinal de identidade no noso PC como o demostra o número de programas que habitualmente presentamos no eido da calidade e excelencia con moi bos resultados finais. O centro quere dar continuidade aos antigos programas que xa incluían accións deste tipo.

Intentamos no centro incentivar e motivar ao alumando para aprender a través de actividades da experimentación vinculados directamente coa cotidianidade, con compoñentes lúdicas en moitos aspectos, que se presentan como oportunidades de achegarse á vida real. Son medidas encamiñadas a desenvolver os seus espíritos emprendedores, científicos, artísticos e culturais, e a despertar a súa conciencia crítica no ámbito da ciencia, da saúde e da sostibilidade promovendo a investigación, a experimentación e a innovación.

O plan de mellora ten un enfoque transversal orientado a que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua e personalizada.

O fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado e desenvolver o máximo posible as súas potencialidades.

En todos os casos, coas achegas económicas que esperamos, estase a facilitar estes proxectos e tamén ás familias con dificultades económicas que teñen unha oportunidade única para que o alumnado poida aproveitarse de experiencias educativas de auténtica envergadura.

As liñas solicitadas e concedidas son:

- EDUexcelencia
- EDUsaúde
- EDUsostibilidade, centro comprometido cos ODS
- EDUcalidade

#### 1.5 STEM BACH

O curso 2019 iniciouse no IES o primeiro ano do STEMBach; cunha duración de dous cursos escolares, os cursos pasados xa saíron dous promocións con moi bos resultados. Incorporáanse novos alumnos e alumnas en 1º BAC.

O programa é presentado ás familias a principios de curso. O Bacharelato de Excelencia ten como obxectivo promover o interese do alumnado pola investigación e creación científica e tecnolóxica a través dunha metodoloxía práctica e colaborativa que o achegue ao mundo universitario.

O proxecto, elaborado e coordinado por Santiago Díaz Vilela, centrase nas bioconstrucións climáticas e conta coa participación de varios departamentos. Desenvolverase nun marco de colaboración coa Universidade de Vigo e escolas do Campus de Ourense.

O grupo está formado por 14 alumnos e alumnas de 1º BAC e 10 de 2º BAC dos bacharelatos de Ciencias, Ciencias Sociais, Humanidades e Artes que recibirán dúas sesións de clase nas tardes dos martes e mércores.

O proxecto é coordinado por Santiago Díaz Vilela.

### **1.6. PLAN LECTOR/PLAMBE**

O centro continúa ca súa tradición de frutífero traballo na biblioteca. Na altura na que se presentou a aprobación da PXA, os órganos do centro xa teñen coñecemento da participación, como en anos pasados, no PLAMBE e na convocatoria de Clubs de Lectura, coa constitución de varios clubs en distintos niveis.

Con certas modificacións no espazo e no mobiliario, a biblioteca inicia o curso coas actividades habituais (hora de ler, fomento da lectura, celebración de datas especiais, formación de usuarios/as da biblioteca, concursos, reto lector...) e algunha novidade como a incorporación de dispositivos electrónicos (ebooks).

A coordinadora da biblioteca é María Fernández da Costa.

### **1.7. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO/APLICACIÓN DO PLAN DIXITAL DO CENTRO**

Os distintos programas aos que o centro súmase implican necesidades de formación que favorezan e melloren o noso traballo docente. A dirección promoverá a formación nos aspectos máis febles tendo en conta as suxerencias dos departamentos didácticos.

Este curso insistirase na formación en ferramentas informáticas e Aula Virtuais de cara a mellorar o desenvolvemento deste recurso.

A petición do Contrato-programa vai asociada á obrigatoriedade de participar nunha liña de Formación Permanente do Profesorado.

O curso 2022-23 o centro participará na creación dun seminario orientado á aplicación do Plan Dixital. O grupo estará coordinado por Cristina Fernández-Arruty e conta a día de hoxe con 15 participantes. O obxectivo que procuramos é implantar de forma real e eficaz o Plan Dixital do centro.

Outra liña de formación está encamiñada aos Polos Creativos, coordinada por Xurxo Soto

Por outra parte, a visita á aplicación fprofe pode dar conta dun abano moi amplo de actividades de formación en que están implicados individualmente profesores do Instituto:

identidade dixital, cursos de galego para profesorado en prácticas, igualdade, actualización en idiomas, etc.

### 1.8. ERASMUS + Nova acreditación

O curso pasado rematou o proxecto ERASMUS +KA229, titulado Lernen mit Spass-Unterrichten mit modernen Lernmethoden (Aprender divertíndose- Ensinar con métodos innovadores), de 2 anos, 2019-2021 que, como consecuencia da pandemia, ampliouse un ano máis.

Dada a importancia e a traxectoria do centro neste programa europeo, este curso presentouse unha solicitude para acreditarnos nun novo proxecto e seguir desenvolvendo novos cursos e mobilidades.

Creouse un novo equipo Erasmus + coordinado por Elisa Álvarez Fernández.

### 1.9. Programa CUALE

O departamento de Alemán solicitou este curso o programa CUALE, programa para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado nos niveis B1 e A2

### 1.10. EduExchanges e Spring Week

Nesta nova convocatoria do EduExchanges é o departamento de Alemán quen solicita unha liña presencial para realizar un intercambio entre o noso alumnado e un centro educativo alemán. Participan o alumnado da ESO e 1º BAC; foi concedido cunha asignación de 4.000 euros.

Por outra banda, o departamento de inglés solicitou o programa Spring Week para o alumnado de 2º ESO; un programa de inmersión lingüística que se desenvolverá no meses de abril e de maio para estimular a práctica oral da lingua, co apoio do profesorado nativo, e fomentar a convivencia.

O programa desenvolverase en primavera, de 16 de abril a 17 de xuño nun centro residencial en Galicia, en réxime de internado de domingo a sábado.

Tamén o centro solicitou varias axudas para a Acreditación Lingüística do noso alumnado se ben non foron concedidas todas porque teñen preferencia os centros plurlingües.

O centro conta novamente coa presenza de 2 auxiliares de conversa que axudan e complementan o desenvolvemento deste programas.

### 1.11. PLAN PROXECTA

Este ano o centro solicitou novamente o Plan Proxecta.

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Solicitamos tres liñas:

- Aliméntate ben en dúas modalidades:
  - Froita na escola
  - Leite
- Proxecto ríos
- Proxecto de innovación en dinamización lingüística

A primeira liña pretende axudar os centros docentes a fomentar a vida activa e saudable abordando a loita contra o sedentarismo, o sobrepeso e a obesidade a través da concienciación dunha alimentación saudable e do incremento da actividade física do alumnado.

O obxectivo do programa é a actuación do centro como dinamizador e promotor de hábitos de vida activa e saudable.

A segunda liña pretende formar cidadáns concienciados e participativos, que non só coñezan e comprendan os problemas ambientais aos que nos enfrontamos, se non que se involucren e actúen no coidado do medioambiente e para facelo estudárase a situación ambiental dos nosos cursos fluviais (Miño e Loira).

A terceira liña pretende involucrar a meirande parte da nosa comunidade escolar (alumnos, diferentes departamentos, pais, avós, etc.) así como ás diferentes institucións públicas de ámbito local e provincial, nun proxecto co que potenciar a nosa lingua a través de actividades interdisciplinares nas que os alumnos implicaranse no descubrimento de múltiples facetas da vida da nosa cidade, tanto da actualidade como do pasado recente, amosándonos, dende o seu punto de vista, os diversos Ourense que hai dentro da cidade. Todo elo quedará plasmado en soportes gráficos e audiovisuais así como nunha web.

Preténdense, polo tanto, que os alumnos empreguen máis a lingua galega, e que coñezan todas as opcións que temos na actualidade na nosa cidade, un pouco máis da súa historia, e tamén dos posibles futuros que nela se presentan.

### 1.12. POLOS CREATIVOS

A finais do curso pasado, o centro elaborou varios proxectos para solicitar os Polos Creativos, unidades deseñadas como núcleos dinamizadores no marco da Estratexia Educación Dixital 2030, de maneira que poidan albergar actividades de tipo taller-obradoiros tanto para o profesorado como para o alumnado e, no seu caso, as familias, desde una óptica de aprendizaxe conxunta e comunitaria.

Os nosos proxectos están orientados aos ámbitos científicos, tecnolóxicos e lingüísticos (obradoiros de bioloxía, tecnoloxía, audiovisuais, etc).

Supoñen a renovación e mellora de certos espazos e a adquisición de material adecuado.

O programa é coordinado por Xurxo Souto